
 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESUMO

Ano	2011	PE403A 2010/2-1
Entidade	CONFRARIA DE PONTEDEUME	
Plan explotación⁽¹⁾	MOLUSCOS BIVALVOS	
Réxime⁽²⁾	AUTORIZACIÓN	
Modalidade⁽³⁾	A PE	

Especies	Ameixa fina (<i>Ruditapes decussatus</i>), ameixa xaponesa (<i>Ruditapes philippinarum</i>), ameixa babosa (<i>Venerupis pullastra</i>) e berberecho (<i>Cerastoderma edule</i>)
Ambito do plan	Autorizacións marisqueiras entre praia Almieiras e punta Carboeira (bancos naturais de A Magdalena, O Fabal e O Oito)
Subzonas de explotación	O Fabal, Zopazos, Croa Pequena, Croa Grande, Peregil, canle do Barco, A Pillada e Día Oito.

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
15		
Ampliación do número de permex ⁽⁴⁾		Non
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións

Calendario de explotación											
Días máximos de extracción	140										
Época y zona probable de extracción ⁽⁵⁾											
Modalidade ⁽³⁾ : a pé											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Topes de captura ⁽⁶⁾			
Especies	A pé (mariscadora/día)	Embarcación	Tripulante/habilitación
Ameixa fina	3 kg 5 kg (decembro)	-	-
Ameixa fina (semicultivo)	10 kg	-	-
Ameixa xaponesa	5 - 7 * kg	-	-
A. xaponesa (semicultivo)	10 kg	-	-
Berberecho	10 kg	-	-
Ameixa babosa	10 kg	-	-

(*) Dependendo do banco a explotar

Artes a empregar	Sacho e angazo
Puntos de control	Lonxa da confraría de Pontedeume
Puntos de venda	Lonxa da confraría de Pontedeume
Accións a realizar⁽⁷⁾	Epocas probables⁽⁸⁾
	X F M A M X XI A S O N D
Rexeneración zonas improdutivas	X X X X X

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos MariñosRúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25XACOBEO 2010
Galicia

Zonas: Enseada do Fabal												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar		X	X	X	X				X	X		
Zonas: Dende o Fabal e o viveiro cara ás croas grande e pequena.												
Especies: Ameixa fina e ameixa xaponesa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras		X	X	X	X				X	X		
Zonas:												
Especies: Ameixa fina e ameixa xaponesa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados		X	X	X	X				X	X		
Zonas: Dende o Fabal, que é zona "C", cara ás croas grande e pequena.												
Especies: Ameixa fina e ameixa xaponesa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Zona de produción: Os bancos de O Fabal e Zopazos están dentro da zona de produción GAL-04/03, clasificada zona de clase C para a produción de moluscos bivalvos na Orde do 19 de xullo de 2010 pola que se modifica a Orde de 8 de setembro de 2006, pola que se decláran e clasifican as zonas de produción de moluscos bivalvos e outros invertebrados mariños nas augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

O resto dos bancos incluídos neste Plan atópanse dentro das zonas de produción GAL-04/04 e GAL-04/05, clasificadas zonas de clase B para a produción de moluscos bivalvos.

Neste plan de explotación incorpórase por primeira vez un novo banco de marisqueo a pé na zona do Día Oito. A actividade extractiva neste banco por parte do colectivo de mariscadores de a pé limitarase á franxa intermareal, a fin de non interferir coa actividade do colectivo de marisqueo a flote.

Artes: Recóllese a posibilidade do uso de espello e trueiro como elementos auxiliares das artes autorizadas para o marisqueo a pé, elementos utilizados de xeito tradicional por este colectivo.

Ningún destes dous elementos se considera un arte extractiva, senón que son elementos auxiliares para o traballo habitual co sacho ou co angazo. O emprego destes medios auxiliares permite que as mariscadoras a pé extraian os bivalvos infaunais en fondos que non son accesibles para os raños e as embarcacións dos mariscadores a flote. Isto resulta beneficioso tanto dende o punto de vista da xestión do recurso (avaliado e cuantificado coma biomasa comercial para o marisqueo a pé), coma de mantemento dos bancos (posibilita a súa remoción, diminúe enfangamento, minimiza o risco de anoxia do substrato, e os optimiza para a fixación larvaria e a vida bentónica das especies explotadas).

Polo tanto, non existe inconveniente para o uso destes elementos auxiliares das artes habituais de marisqueo a pé nas zonas de canle, agás na zona do Día Oito.



Cotas máximas de captura: segundo a orixe dos moluscos establécense diferentes cotas máximas:

- Procedente de semicultivo: nestas zonas as cotas de ameixa fina e xaponesa será de 10 kg/mariscadora/día.
- Banco natural: a cota máxima de captura de ameixa fina en bancos naturais establécense en 3 kg por mariscadora e día, salvo no mes de decembro que se incrementa a 5 kg. Por outra parte, en banco natural, prevese un tope máximo de extracción de ameixa xaponesa de 7 Kg na Pillada, na canle do Barco e no Día Oito, e de 5 kg por mariscadora e día nos outros bancos naturais das Croas Grande e Pequena, Peregil, o Fabal e Zopazos (estas dúas últimas catalogadas como zona C).

Cómpre lembrar o estrito cumprimento da normativa sobre a explotación dos moluscos bivalvos nas zonas clasificadas microbioloxicamente como tipo C.

Punto de control: Determínase como único punto de control a lonxa da confraría de Pontedeume, aínda que se establecen 5 puntos de supervisión previos nos que se identifican e supervisan os lotes de marisco, controlando que non superen a cota máxima de captura:

- Rampa de acceso ao paseo marítimo de Pontedeume
- Rampa de acceso ao peirao pola zona da lonxa
- Pantalán da canle do Barco
- Rampa nova do carro varadoiro, no peirao
- Pantalán de embarcacións da 3ª lista.

O paso polos puntos de supervisión, así como polo punto de control, é obrigatorio para tódolos integrantes deste plan. As persoas responsables da supervisión e control son os vixiantes da confraría.

Traballos e vixilancias: A organización das accións previstas de traslados, rexeneración e vixilancia corresponde á directiva da agrupación de marisqueo a pé. A participación nestes traballos é obrigatoria para tódolos mariscadores, sendo a presidenta da agrupación a persoa encargada do control da asistencia e distribución dos mesmos.

Aínda que os traballos están ben definidos, así como a súa obrigatoriedade, non queda claro se computarán como días de actividade a efectos de renovación do permex.

Remisión dos datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Recomendacións para a mellora do plan:

- De ser o caso, forma na que computarán os días de traballos e vixilancia a efectos de revalidación do permiso de explotación.